



Sección Sindical PSA-PEUGEOT-CITROEN

Sr. DIRECTOR RR.HH.
PSA PEUGEOT CITROEN

Vigo 28 de Xaneiro do 2009

O Comité de Empresa é un órgano representativo e colexiado do conxunto dos traballadores/as dunha Empresa ou Centro de traballo, polo que terá dereito a ser informado e consultado sobre as decisións que se pretendan levar a cabo de carácter relevante na organización do traballo. Dicimos isto xa que dende a C.I.G, non vemos normal que nun proceso no que todos os Sindicatos que formamos parte do Comité estamos intentando chegar a acordos e buscar saídas para superar esta crise que nos toca vivir, non nos parece serio que sendo a reorganización dos postos de traballo (traslados e quendas) un dos puntos que forman parte das Medidas que se están a tratar coa Dirección, simultaneamente dende o Departamento de Persoal estease chamando á xente dicíndolle cal é o seu novo destino e a nova Quenda de traballo. Todo baixo o lema de *"primeiro vas para el nuevo puesto...y luego ya veremos"*

A C.I.G., como vostede sabe, neste tema dos cambios pediu como criterios básicos o respecto para:

Antigüidade, Limitados médicos, Profesionais ou a Conciliación (familiar, transporte, etc).

Todos estes cambios que se están a facer sen haber, de momento, un acordo co propio Comité de Empresa, tamén pódense entender como un cambio substancial nas Condicións do traballo, recollido no E.T Art.41. Ditos cambios teñen que ir precedidos cun período de consultas antes da súa aplicación. Durante este período as partes terán que negociar de boa Fe, con vistas a consecución dun acordo.(cousa que, polo que vemos, non esta a suceder).

Dito acordo requirira a Conformidade da maioría do Comité de Empresa, e trala finalización deste período de Consultas, o Empresario notificaría ós traballadores/as a decisión sobre a modificación, cunha antelación mínima de trinta días a data da súa efectividade.

Nós, xa non imos entrar en datas, pola situación que estamos a pasar, **"pero si a manter o respecto mutuo que nos debemos"** . Como Representantes Legais dos Traballadores entendemos que este proceder é de dubidosa legalidade.

Ó mesmo tempo, nesta voráxine dos cambios, podemos atoparnos con traballadores/as en fase de desconto da xubilación parcial. Non entendemos como agora que hai suficiente liquidez para poder crear baixas incentivadas, ¿por que non lles condonan os días de desconto?. ¿Por que, en vez de marealos a estas alturas da súa vida laboral, a Empresa non pon algo do seu lado para este colectivo?. Unha medida que ademais reduciría o problema dos cambios tanto de quenda como de posto.

Iso si sería un xesto por parte da Dirección, sen ter que recaer todo o peso desta nova reorganización sobre os traballadores/as. Son momentos onde tamén ten que demostrarse a frase de que *"Vigo cuenta con un gran capital humano"*.

PEDIMOS.- Que se pare este proceso dos cambios namentres non sexan acordados os criterios co Comité de Empresa.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com